

O baile tradicional na Fonsagrada

Pablo Ferreiro Viadé

Presidente da Asociación Cultural Antaruxas e Sorteiros

O baile tradicional refírese ás danzas populares dunha comunidade, parte integrante da súa vida social, cultural e festiva. Non só é un movemento ou un espectáculo. Tradicionalmente serían unha forma de entretemento e socialización da veciñanza, sen ánimo de ser visto dende fóra como unha representación. O baile tradicional servía para socializar, reunindo á veciñanza e permitindo o encontro interxeracional, fortalecendo os vínculos sociais; celebrar os acontecementos destacados da vida das comunidades; identificarse culturalmente, coa pertenza a unha zona; e transmitir saberes, como ritmos e puntos que van variando e, sempre, conservando os elementos antigos de fondo. No contexto galego en xeral, e no da Fonsagrada en particular, o baile tradicional está fortemente vinculado á gaita, á pandeireta, ao tambor... converténdose nun símbolo de identidade colectiva.

O baile tradicional merece atención por varias razóns. En primeiro lugar, é unha forma viva de patrimonio cultural, contando coa participación da xente, reconstruíndose e adaptándose aos tempos. É un símbolo de identidade e memoria colectiva, posto que axuda á pervivencia dos costumes, da festa tradicional... É un elemento de valor incalculable para a transmisión e a educación. Coas recollidas aos máis vellos da comunidade, déixase constancia do seu valor ao tempo que se converte nunha maneira excepcional de facilitar a convivencia interxeracional. Os maiores transmiten, os novos aprenden e a comunidade dálle continuidade. Polo tanto, tamén pode considerarse un elemento de dinamización comunitaria. E, por medio do turismo, convértese en motor da vida social e cultural a través das festas, foliadas e obradoiros que axudan á súa transmisión.

A Fonsagrada é un concello da montaña lucense con fonda tradición na música e o baile populares. Nunha zona de gaiteiros, a música que acompaña o noso baile é máis viva e forte que noutras zonas nas que a presenza destes músicos era menos importante (nesas zonas, o protagonismo estaría, entre outros instrumentos, nas pandeiretas e no canto). Por tanto, non é de estrañar que as pezas de música e baile de Fonsagrada sexan interpretadas por numerosas asociacións culturais ao longo de toda Galicia. Algúns dos movementos característicos da Fonsagrada, dentro das súas vistosas muiñeiras e xotas, son os desprazamentos horizontais e verticais das filas de bailadores e bailadoras (de lado a lado e de diante a atrás, xuntándose e separándose), que se combinan con tablóns, rodas... sempre moi saltados e dinámicos. É posible que estas expresións estivesen acompañadas das castañolas, presentes a día de hoxe por recuperación das mesmas.

Para a supervivencia e vitalidade do baile tradicional fonsagradino é de importancia indiscutible o labor das asociacións locais. A Asociación Cultural Antaruxas e Sorteiros leva xa dende 1979 fomentando a recuperación do noso patrimonio local, tentando ser o máis fiel posible ao orixinal na súa reprodución (tanto en termos de música e baile como de vestimenta). Isto déixao patente en todas as actuacións que levan a cabo na Fonsagrada e arredores ao longo do ano, sendo a máis importante das mesmas a Mostra Folclórica Internacional da segunda fin de semana de agosto. Xa de xeito máis recente, pero non por iso menos importante, a Asociación Cultural Petapouco e a Destempo leva dende 2015 con un grupo de rapaces e rapazas novas á fronte da organización da famosa Foliada da Fonsagrada, que converte a vila durante os tres días da ponte de decembro na capital galega do baile e a música tradicionais, con obradoiros, concertos e polavila aberta a todo o mundo que desexe participar. Nesas días, o fío condutor de todas as actividades é a homenaxe aos artistas nativos do concello, tanto os pasados como os que aínda viven, e tanto da música como do baile, deixando constancia do valor que se lle dá a toda a información recollida deles e que nos segue nutrido na actualidade.

O baile tradicional na Fonsagrada representa moito máis ca unha manifestación artística. É a expresión viva dun pobo, dun modo de entender a convivencia e a identidade colectiva. A súa continuidade, garantida grazas ao labor das asociacións culturais locais e á implicación da veciñanza, converte este patrimonio inmaterial nun elo esencial entre pasado e presente. A través da danza, a comunidade fonsagradina conserva a súa memoria, reforza os seus vínculos e proxéctase cara o futuro cun profundo respecto pola tradición.